

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN, SESIÓN: 08/ABRIL/2008

Sendo as dez horas e vinte minutos do día oito de abril de dous mil oito, na Sala de Xuntas de Concellaría de Persoal, reúnese a Mesa Xeral de Negociación do Excmo. Concello da Coruña, asistindo esta,

Por parte da Administración Municipal:

- Dona Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira Delegada de Persoal, como Presidenta.
- Don Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior.
- Dona Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal.
- Don José Antonio Sánchez Ríos, Xefe de Sección de Administración de Persoal, que actúa como secretario.

Por parte das Seccións Sindicais comparecen:

- Dona Marina Lorenzo Fernández (CC.OO.)
- Don Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- Don Roberto Tizón Miguéns (CIG)
- Don Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Como asesores das Seccións Sindicais:

- Don Alfonso Ben Otero (CC.OO.)
- Don Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- Don Javier Hermida Gayubas (CIG)
- Don Manuel López Roibás (UGT)
- Don José Ángel Varela Moure (UGT)

Por parte da Sra. Presidenta declárase aberta a sesión.

- A Sra. Presidenta manifesta que como primeiro punto se vai tratar a proposta de RPT.

Entrégase unha copia da proposta de RPT e Normas de Xestión, despois de realizar algunhas correccións.

O Sr. Díaz Villoslada explica as correccións introducidas dende a proposta estudada na Mesa do día 3 de abril. Existen tres novidades: 1) Recupérase, da anterior Of. Técnica de Benestar, o posto de Técnico de Edificación que pasa a depender do Servizo de Educación; 2) Permanece o Servizo de Informática, diferenciado do de Innovación Tecnolóxica, tal como está na RPT vixente; 3) Posto de J. Sección na Oficina Técnica de Seguridade ábrese ao B. No que respecta ás Normas de Xestión: O que se falou de JP/T quedaría como "J" e corríxese o erro de denominación, onde di "subalterno" debe dicir "agrupacións profesionais".

A Sra. Díaz Sánchez explica que no que respecta ás retribucións dos funcionarios en prácticas queda redactado de acordo á normativa estatal, axustado a unha sentenza do Tribunal Supremo sobre esta materia.

O representante de CSI-CSIF fai as seguintes observacións:

- A referencia legal debería ser ao Tit. II, Cap. IV e disposicións seguintes ao art. 72.
- Deberíase simplificar os comp.destino de determinados postos. Mesmas funcións igual responsabilidade. Segundo a propia definición do complemento de destino, o Goberno Municipal en lugar de optar polo mando e a responsabilidade podería optar polo concepto de especialización; xa que a xerarquía que sinala o documento das Normas de Xestión non aparece valorada nin reflectida na propia RPT.
- Falta nas Normas o cadro de perigosidade do Instrutor de Seguridade.
- Non están de acordo coa emisión de informe da Xefatura para o desenvolvemento do Mapa Profesional. Ademais parécenos inxusto o mapa profesional proposto, porque o grupo E tardaría o dobre de tempo en conseguir a metade de nivel que o resto de grupos, se debería

permitir o acceso ao seguinte nivel no mesmo período de tempo que os demais, ata alcanzar o seu propio límite.

- Necesitan os organigramas desta RPT.
- Non aparecen como postos de segunda actividade todos os de policía, se contesta que certamente non todos os postos son de 2ª actividade polas características dos propios postos.
- Tamén se solicita unha relación de vacantes (no momento da aprobación da RPT) e un listado nominal de todo o persoal que ocupa os diferentes postos de traballo.

A representante de CC.OO. fai as seguintes consideracións:

- Necesitan coñecer os postos desta RPT que están vacantes.
- Non entenden porque se utiliza un único posto, técnico medio de servizos sociais, para ser ocupado por persoas pertencentes a 2 prazas diferentes (traballadores sociais e técnicos de apoio social).
- Faltan os postos de auxiliar de fogar na Casa de Acolida. Teñen que estar na RPT.
- A oficina de rexistro de Rehabilitación creen que funciona como tal rexistro.
- ¿O posto de Técnico de Edificación traballaría sen ningún apoio?

O representante de UGT fai a pregunta seguinte: ¿Por que non pode estar aberto a FC o posto de fisioterapeuta?

A continuación dá as explicacións sobre as cuestións formuladas o Sr. Díaz Villoslada. Manifestando que os postos de igual denominación e funcións que estean na RPT con maior nivel de destino levan consigo a xerarquía e responsabilidade que se marca nas Normas de Xestión. Os organigramas irán anexos á RPT e Normas de Xestión definitivas que se aproben. Da antiga Oficina Técnica de Benestar queda unicamente o posto de Técnico de Edificación, no Departamento de Educación, os demais postos están asignados á Oficina Técnica Xeral.

A Presidenta pregunta ás distintas Seccións Sindicais se se podería dar por aprobada a RPT.

O representante de CIG di que eles non a aproban, pois están en contra, polas modificacións realizadas na Valoración de Postos e tamén polas modificacións en materia organizativa. A RPT forma un todo compacto. É un documento único e as modificacións introducidas na VPT, aprobadas en contra do criterio de CIG, modifican o acordo do mes de novembro, polo que non poden aprobar este documento.

A representante de CC.OO. di que aínda que non está de acordo con todo, dado que é importante aprobar unha RPT nova e, a pesar de non estar de acordo con determinados temas, é conveniente pasar a outros asuntos, polo que dá por válida esta RPT. Pide que se lles de traslado dos postos vacantes.

O representante de UGT di que apoia a RPT aínda que non sexa o RPT ideal para esa Sección.

O representante de CSI-CSIF di que deben dar saída a este tema para seguir despois con outros asuntos. Reitera que a medio prazo se debe corrixir a RPT, especialmente na parte da valoración de postos efectuada pola empresa DEAMOS sobre a que non estamos de acordo.

A Presidenta manifesta que o normal é que a Mesa Xeral de Negociación sexa un continuo e a consecuencia normal é que se produzan cambios. A propia realidade irá introducindo estes cambios. A RPT é un documento vivo. Sobre as disfuncións que vaian xurdindo deben ir corrixíndose co consenso da Mesa.

A Presidenta conclúe que queda aprobada a Relación de Postos de Traballo xuntamente coas súas Normas de Xestión.

- A Sra. Presidenta acorda pasar ao asunto da proposta das lapelas de quendas na Policía Local.

Entrégase a todas as Seccións unha copia do documento explicativo do novo cálculo anual de horas de servizo realizado pola Dirección da Área de Seguridade. Copia do documento achégase como anexo desta Acta.

A continuación o Sr. Díaz Villoslada explica o novo cálculo que figura no citado documento.

A Presidenta fai constar que a Dirección de Seguridade estima que a partir do mes de xuño desaparecerá a lapela no cambio correspondente.

O representante de CSI-CSIF pregunta pola cuantificación da compensación económica, que se ben non se abonan como horas extraordinarias (compensación dobre) cando menos se deberían aboar como prolongación de xornada, que é o que son.

Os representantes das Seccións Sindicais mostran a súa desconformidade coa proposta de cálculo horario.

O representante de CSI-CSIF engade que se se mantén o factor de corrección para a quenda de noite, aínda que desaparezan as lapelas, é unha forma de corrixir a Valoración de Postos respecto á quenda de noite.

A Presidenta di que volverá a proposta á Dirección de Seguridade e que á próxima Mesa se levará unha proposta final global para intentar aprobala e poder pechar este asunto. Enviarase copia da devandita proposta ás Seccións.

Acórdase convocar a Mesa Xeral de Negociación para as 9,00 horas do próximo 10 de abril.

- ❑ A Sra. Presidenta acorda pasar ao asunto da proposta de acordo de Formación de Bombeiros.

A Presidenta di que esperan resposta das distintas Seccións á proposta presentada na Mesa anterior.

O representante de CIG manifesta que non están conformes coa devandita proposta, polos dous temas seguintes. 1) O tema das 12 horas nas pasas a noite fóra do termo municipal, eles queren 18 horas e 2) O tema do valor de 1,50 por hora, queren que a compensación sexa o valor da hora extra dobre. Sobre o resto da proposta estarían conformes.

A representante de CC.OO. di que están de acordo coa postura exposta pola CIG.

O representante de CSI-CSIF manifesta que están de acordo coas outras Seccións.

A Presidenta manifesta que na próxima Mesa, a celebrar o xoves (10 de abril), haberá unha resposta a tales peticións.

- ❑ A Sra. Presidenta acorda pasar a Rogos e Preguntas.

A representante de CC.OO. expón o problema das vacacións no mes de maio dado que existen persoas con fillos menores de 12 anos que queren cambiar correspondente para coincidir coas vacacións escolares.

O representante de CSI-CSIF manifesta a necesidade de estudar a posibilidade de suprimir a quenda de vacacións do mes de maio.

O Sr. Outeiro Cerveró expón as seguintes preguntas ou cuestións:

- Que pasa co local que segue ocupando o Grupo de Independentes. Aquí faise constar que xa está emitido o informe correspondente.
- Tamén fai constar que algúns locais sindicais presentar problemas de goteiras e humidade.
- Sobre a contratación de funcionarios interinos esixen que as convocatorias se suxeiten á legalidade do art. 10 do EBEP en todos os seus apartados, pois o apart. 2 di que estarán suxeitas aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Dise que a Xunta de Persoal xa tomou o acordo para denunciar o proceso destas contratacións e, a pesar diso, volveuse iniciar outro proceso. Loreto Díaz sinala que se solicitou candidatos á oficina de emprego e que neste último caso, ademais, está publicada na Web municipal e no Taboleiro de Edictos. Andrés Otero sostén que as publicacións deberán estar nos boletíns oficiais que

proceda e, en todo caso, se houberse acordo cos sindicatos para afrontar estes procesos de carácter urxente, quizais abondaría con publicalos en prensa. Por parte de Loreto Díaz indicase que non se recibiron os acordos da Xunta. Andrés Oteró indica que xa se mandaron pero que os volverán enviar.

- Pregunta se existe algún cambio na execución da sentenza da oposición de administrativos. Di que se enviou unha acordo da Xunta de Persoal polo que se aceptaba a proposta de execución sempre que se aumentará o número de prazas a convocar.
- Pregunta pola situación da contratación da Póliza de Accidentes de Traballo. Queren copia da adxudicación e das condicións do contrato.
- Sobre a inminente revisión dos contratos coas aseguradoras médicas, solicítase que se teña en conta o persoal xubilado, xa que noutras administracións, como na Deputación Provincial, se integrou este persoal dentro das condicións dos seguros.
- Pregunta pola contratación da persoa que substitúa a Médica de Persoal. Contéstase que se está en proceso de contratar un médico.
- Pregunta se se aboaron as axudas do 2006 ao persoal xubilado e pensionistas. Contéstase que está en mans do Interventor.
- Pregunta se se seguen aboando complementos de produtividade nalgúns servizos. Contéstase que se. Entón piden información.

Por último apróbase e asina a Acta da sesión do día 28 de marzo de 2008.

Non habendo mais asuntos que tratar, sendo as doce horas e corenta minutos, pola Sra. Presidenta levántase a sesión, da que eu, secretario, dou fe.